


# A VIAJE DAS BOLBORETAS



audio\_001

# A VIAJE DAS BOLBORETAS

A viaje  
das bolboretas



EDITORA



edição  
de luxo

A viaje das bolboretas

OQO EDITORA


PAULA CARBONELL E CHENÉ GÓMEZ




audio\_002

**Don Vermião avanzaba amodo,  
facendo ondas con seu bandullo.**


**A distancia que tiña que percorrer  
non era moi grande:  
da laranxeira ao limoeiro,  
apenas cinco metros.  
Bastante para un vermiño!**



audio\_003




Andando andando,  
atopou un grilo:

- Onde vas, vermiño?
  - Da laranxeira ao limoeiro,  
este ano vou de primeiro.
  - Lévasme contigo?
  - Levo... Monta!
- 

E o grilo e o vermiño seguiron o camiño.



audio\_004




Pouco despois,  
atoparon unha tesoiriña:

- Onde ides, amigos?
- Da laranxeira ao limoeiro,  
este ano imos de primeiros.
- Levádesme con vós?
- Levamos... Monta! -dixo o vermeño.

E a tesoiriña, o grilo e o vermeño  
seguiron o camiño.



audio\_005



Ao pouco,  
atoparon unha xoaniña:

- Onde ides, amigos?
- Da laranxeira ao limoeiro,  
este ano imos de primeiros.
- Levádesme con vós?
- Levamos... Monta! -dixo o vermeño.

E a xoaniña,  
a tesoiriña, o grilo e o vermeño  
seguiron o camiño.



audio\_021

Máis adiante,  
atoparon unha formiga:

- Onde ides, amigos?
- Da laranxeira ao limoeiro,  
este ano imos de primeiros.
- Levádesme con vós?
- Levamos... Monta! -dixo o vermeño.



E a formiga, a xoaniña,  
a tesoiriña, o grilo e o vermeño  
seguiron o camiño.




audio\_007



Algo despois,  
atoparon unha pulga  
que levaba una flor a modo de parasol:

- Onde ides, amigos?
- Da laranxeira ao limoeiro,  
este ano imos de primeiros.
- Levádesme con vós?
- Levamos... Monta! -dixo o vermeño.

E a pulga, a formiga, a xoaniña,  
a tesoiriña, o grilo e o vermeño  
seguiron o camiño.




audio\_008



Por fin,  
chegaron ao limoeiro.


O vermeiño gabeou polo tronco  
ata unha póla grande.



Deixou os seus amigos nunha folla  
e cada un foi polo seu lado.



audio\_009

The background is a solid yellow color. On the left, there is a green leaf with a white stem. A white path or road runs diagonally across the scene. In the upper right, a green caterpillar with a white stripe is crawling on the path. In the lower right, a blue caterpillar with a yellow stripe is crawling on the path, looking towards the left. The text is positioned in the center-left area of the page.

**Cando o vermiño  
buscaba un sitio para facer a casa,  
atopou unha eiruga pequeniña.**

**Ao vela,  
pensou que non chegara de primeiro;  
pero non lle importou e dixo:**

- Desculpe,  
non sabía que esta folla  
estivese ocupada.**
- Non se preocupe, ten aí unha baleira  
-contestou a eiruga.**
- Grazas -sorriu o vermiño.**



audio\_022

De pronto,  
apareceu zoando unha avésa xigante  
cunha boca enorme, e dixo:

- Que vermiño máis rico!



Pero o grilo, que estaba moi preto,  
comezou a cantar un arrollo:

- Cri-cri-cri, a durmir, a durmir...!

Era tan doce, tan delicioso,  
que adormeceu a avésa.


- Vaia sono! -bocexou.  
E foise voando.

- Grazas, grilo!  
Pensei que desta non saía!

- A ti, pola viaxe! -cantou o grilo.



audio\_026

The illustration is set against a yellow background. In the upper center, a yellow caterpillar with a white-striped head and two large wings is perched on a grey branch. Below it, a black spider with a red patch on its back and white legs is positioned on a yellow spiderweb. To the right of the spider, a green caterpillar with a segmented body and a small head is crawling on the web. The scene is framed by a grey branch that runs horizontally across the middle.

O vermiño seguiu andando e, por mirar a eiruga,  
enredouse nunha arañeira pegañenta e perigosa.

Unha araña grandísima xa se relambía,  
cando chegou a tesoiriña e...  
zis-zas!, dous cortes, e o vermiño quedou libre.

- Grazas, tesoiriña!  
Pensei que desta non saía!  
- A ti, pola viaxe! -contestoulle.



audio\_013



O vermiño empezou a construír a casa,  
pero a folla encheuse de pulgóns fementos  
que ameazaban con comela.


Nese momento chegou a xoaniña e díxolles:

– Pulgóns,  
ou deixades en paz a folla do meu amigo  
ou xa sei que vou tomar de merenda!

E os pulgóns marcharon.

– Grazas, xoaniña! -dixo o vermiño.

– A ti, pola viaxe! -sorriu a xoaniña.



audio\_014



Por fin, o vermiño rematou a casa.  
Meteuse dentro e, cando estaba a piques de durmir,  
chegou un batallón de formigas e o capitán ordenou:

– Ao formigueiro con el!

Xa o levaban, con casa e todo,  
cando a súa amiga formiga dixo:


– De comandante a capitán,  
este é amigo meu e queda onde está.

E as formigas marcharon.



audio\_015





Co susto,  
o vermiño saíu da casa,  
pero nese momento  
chegou un paxaro.

- Que vermiño máis apetitoso!  
- exclamou, achegando o bico.

Entón a pulga pegou un chimpo  
e agachou o amigo debaixo do parasol.


Non é un verme, é unha flor!,  
pensou o paxaro. E foise.



O vermiño puido, por fin,  
entrar na súa casa e descansar.



audio\_016



Pasaron os días e as noites,  
as noites e os días.

Chegou o momento.

As estrelas e a lúa brillaban,  
penduradas do ceo, pintadas de prata.

Oíase unha melodía fermosa:  
o cri-cri dos grilos,  
o croac-croac das ras,  
o cris-cras das follas abaneadas polo vento.




audio\_025

E daquela casa xurdiu unha gran bolboreta que...



...nada máis saír atopou outra máis pequera.




Miroura ben e dixolle:

- Eu a vostede coñézoa, señora.
- É eu a vostede tamén, cabaleiro  
-contestoulle a ciruga,  
convertida agora noutra fermosa bolboreta.
- Concédeme este baile? -preguntou el.
- Pois claro, con moito gusto!  
-respondeu ela.



-----  
audio\_023


The background is a deep blue night sky filled with small white stars. Several stylized, light blue butterflies are scattered across the scene. One butterfly on the left has a yellow body and antennae. Another butterfly in the upper left has a green body. The butterflies are depicted with simple, rounded wings and thin outlines.

E bailaron e revoaron xuntos,  
esa e todas as noites.



-----  
audio\_019

# E COLORÍN COLORADIÑO ESTE CONTO ESTÁ... REMATADIÑO!!



AS IMAXES DO CONTO SON REPRODUCIDAS AQUÍ POR  
MOTIVOS SÓ EDUCATIVOS E DE ANIMACIÓN Á LECTURA

